

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE MARZO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 9 de marzo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 6 de marzo (orde do día ampliada o 8 de marzo), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez (asiste a todos os puntos agás o 1c, 4a e 11b)  
D. Pablo Olmos Pita (asiste ao punto 1c, 4a e 11b)  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda  
D. Fracisco J. Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2a e 3a)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2b e 3b)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste ao punto 4a)  
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas**

**a) Acta da sesión do 22 de febreiro de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 22 de febreiro de 2018 cos votos de D<sup>a</sup> Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

**b) Acta da sesión do 26 de febreiro de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 26 de febreiro de 2018 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

**c) Acta da sesión do 2 de marzo de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 2 de marzo de 2018 cos votos de D. Pablo Olmos Pita, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda e D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey.

**2.- Apertura administrativa**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:06	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAB49-C23637-C9C3CC-L3U2Y8-28MR2Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 2 de marzo de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

- **SERVICIOS SECURITAS, S.A.** (a sinatura da documentación presentada no sobre A non é válida. Segundo a cláusula 13.1 do prego de cláusulas administrativas particulares "A documentación dos sobres A e C poderá presentarse en papel ou en formato dixital". Se se opta por presentar a documentación en formato dixital, deberá ser asinada dixitalmente).

O citado licitador presentou documentación en prazo na que achega certificados de autenticidade da documentación presentada en formato dixital, non só no sobre A senón tamén nos sobres B e C.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a **SERVICIOS SECURITAS, S.A.** por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II ou ben o DEUC:
  1. SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR, S.L.)
  2. MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.
  3. LIMPIEZAS CIES, S.L.
  4. ITMA, S.L.U.
  5. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.)

### **3.- Apertura da documentación técnica**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)**

En acto público ábrese o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

DIMOBA SERVICIOS, S.L., SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U. e MANPOWER BUSINESS SOLUTIONS, S.L.U. presentan un exemplar en papel e outro en formato dixital. O exemplar en formato dixital (CD) presentado pola última das empresas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:06	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAB49-C23637-C9C3CC-L3U2Y8-28MR2Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

citadas está vacío, polo que se dixitaliza a copia en papel polo Servizo de Contratación.

A presidenta e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR, S.L.) presenta, en formato dixital, un único exemplar da documentación técnica polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación.

SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.) presenta un exemplar en papel e outro en formato dixital.

A presidenta e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**4.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores.

D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez manifesta ter conflito de intereses cun dos licitadores, TEKNOSERVICE, S.L., polo que decide abandonar a sesión e incorpórase no seu lugar D. Pablo Olmos Pita.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo* unitario estacións traballo ofimática	Prezo* unitario monitores	Prezo* unitario estacións traballo CAD	Increment. nº meses prazo garantía
1	TEKNOSERVICE, S.L.	333,39	128,89	593,11	6



	Licitador	Prezo* unitario estacións traballo ofimática	Prezo* unitario monitores	Prezo* unitario estacións traballo CAD	Increm. nº meses prazo garantía
2	TELINCO INFORMÁTICA, S.L.	294,00	127,00	638,00	12
3	PAZ DISMAC, S.L.	329,58	131,05	660,10	2
4	TKT SERVICIOS INFORMÁTICOS, S.L.	320,02	117,27	600,52	0
5	SOLUTIA INNOVAWORLD TECHNOLOGIES, S.L.	330,58	132,23	630,76	12

\* Os prezos son sen IVE

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. David Álvarez Álvarez, con DNI 36.150.400-N, en representación de TEKNOSERVICE, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

## 11.- Propostas de adjudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que con data 16 de febreiro de 2018 se notificou ao primeiro clasificado neste procedemento, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local o 15 de febreiro de 2018 no que se lle requiría a documentación esixida polo artigo 151.2 TRLCSP.

Durante o prazo concedido, o 2 de marzo de 2018, o licitador presentou documentación.

Tras a súa cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. para que acredite a solvencia técnica esixida no prego. De conformidade coa cláusula 8.4.4º do prego de cláusulas administrativas particulares, a solvencia técnica e profesional deberá acreditarse alternativamente por algún dos seguintes medios:

- *“Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicaranse importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato.*
- *Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B das FEC” (grupo G (viais e pistas) - subgrupo 6 (Obras viarias sen cualificación*



específica) - categoría 2).

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) (lote 1)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 22 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de febreiro de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan por apartase substancialmente as súas proposicións do modelo establecido (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares):*

1. *DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L. (lote 1)*
2. *TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 2)*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 1 “turismos e furgoneta” deste procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntos xuízo de valor</b>	<b>Puntos fórmula</b>	<b>Total</b>
1	TALLERES FONTÁN, S.L.	12 puntos	80 puntos	<b>92 puntos</b>

**Terceiro.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TALLERES FONTÁN, S.L. (lote 1), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*



3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.005,10 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TALLERES FONTÁN, S.L., o día 23 de febreiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 8 de marzo de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 9 de marzo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TALLERES FONTÁN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TALLERES FONTÁN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de xaneiro e 9 de febreiro de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:06	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAB49-C23637-C9C3CC-L3U2Y8-28MR2Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*“Adxudicar a TALLERES FONTÁN, S.L. o lote 1 “turismos e furgonetas” do procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) por un importe total de 240.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 41.652,89 euros e cos seguintes descontos:*

- a) Un 10% sobre os prezos unitarios derivados dos elementos necesarios para os servizos ou subministros obxecto deste contrato.*
- b) Un 5% sobre os prezos unitarios para o custo de man de obra.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:06	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAB49-C23637-C9C3CC-L3U2Y8-28MR2Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		